

I

OUTÓRGAME fértil olor a espiga, sabor extremado e ardente.

Rógoche ofrenda de humidade e terra, laranxas caídas, figos e cipreses, boca entolecida na frescura.

Entrégame tempos, esporas de fentos na tardiña, presaxios de natureza vizosa e ricaz, bandoleiros salvaxes.

Outórgame dondo leito de plumas e folerpas, mazás de ouro, firmamento lixeiro.

Rógoche estepa inabarcábel, ventos que percorran os brazos (cabalos a galope, eguas desbocadas), lirios turbadores, présas terríbeis, madeiras secas que ulan a deserto, bóvedas subsaharianas e latexantes.

Ai, as orquídeas que provocan! Ai, esas herbas que danzan!
Ofrenda de corpo e neve: último suspiro (a intimidade absórbenos).

II

ÉRGUENSE as flores fortemente almiscradas, adivíñanse labirintos, dédalos luminosos e atraentes.

Procuras espigas de trigo; procuro na sensación a lingua voluptuosa (uvas nos outeiros, lumes sobre os lombos).

Os dedos intérnanse en xeografía salgada e áchanse mirtos delourados, meles silvestres en seos exquisitos.

Reméxense nos corpos as terras antigas e esquecidas,
a vizosidade incríbel,
os socalcos fresquísimos
das puzas e as palmeiras.

Ai os fentos que se axitan no teu torso cultivado!

Procuras vulva de sal e vento, augas
escorrendo do delta, braña luminosa.

Penetras por territorios inexplorados,
vixaxas ata as tundras do corpo que insinúa,
lévasme por carreiros, tornas estes espacios
en estepa infinita.

Ai, o ventre en que xorde doce flor de fariña!

As alturas provocan unha luz que se verque
e agroman de socato suestes entre o trigo.